



UTS,CGT,STC E CIG, ante a imposibilidade de realizar asembleas do Comité con motivo da Negociación Colectiva e do paro do día 27 convocado por diversos sindicatos de Telefónica decidimos convocar unha Asemblea Xeral que terá lugar o próximo día 20, as 19:00 horas na Casa do Mar da Coruña.

Ante a situación creada polas actuacións da Empresa nas segregacións de actividades e de persoas, ante os plantexamentos na Mesa de Negociación Colectiva de supresión dos dereitos dos traballadores, de pretender impoñer cuestións tan graves como a dispoñibilidade, traslados con perfil, mobilidade xeográfica, ampliación de funcións para OTPI, unificación de categorías, etc. É NECESARIO QUE TODOS TOMEMOS CONCIENCIA de que as pretensións de Telefónica non se evitan só con negociación. É o momento de decirlle a Empresa que non pode haber paz social en Telefónica se o que quere é destruír os nosos postos de traballo, acabar cos nosos dereitos...desmantelar esta empresa.

Nesta situación xa non serve esconder a cabeza debaixo da ala e facer como se a cousa non fose con un. Está en xogo o noso futuro, o de todos e todas, en calquera área ou categoría da empresa, e todos temos a responsabilidade de intentar evitalo. Se acadamos unha resposta importante terémolo máis doado, por eso se vos pide que valoredes a importancia de participar nas mobilizacións convocadas. Non hai outras, nin temos outra arma para frear a Empresa. Ti decides e ti es responsable da túa decisión.

PARTICIPA NA ASAMBLEA DO DIA 20. Racha coa mordaza que queren impoñernos, a todos.

PARTICIPA NO PARO DO DÍA 27. Considerao coma unha inversión rendible para a defensa do teu posto de traballo. É a ocasión.

Seguiremos a loitar pola.

◆ DEFENSA DO EMPREGO ACTUAL EN TESAU E DO POSTO DE TRABALLO NA LOCALIDADE.

◆ QUE SE RETIRE TODO PROXECTO DE SEGREGACION

◆ NEGOCIACION COLECTIVA REAL E PARTICIPATIVA.